

Bono Remuda das Persoas Autónomas 2025

2025-01-29

Axuda para evitar o peche de negocios por falta de relevo xeracional. O negocio debe ter máis de 5 anos e estar en Galicia. Beneficiarios: autónomos remudistas e aqueles que transmitan o negocio (idade ≥ 62 anos, incapacidade ou herdanza).

□ Subvención:

Ata o 75% do prezo do contrato de remuda (sen IVE) en zonas rurais.

Ata o 70% nas demais zonas.

Se se accede por alugueiro, cobre os primeiros 18 meses.

□ Oportunidade das Persoas Traballadoras Autónomas 2025

Axuda para quen retome a actividade despois dun intento fallido.

□ Requisitos:

Alta previa no RETA nos últimos 5 anos.

Cotización mínima de 3 meses seguidos.

6 meses de separación entre baixas e novas altas no RETA.

□ Subvención:

7.500 € (incremento de 500 € para mulleres).

□ Axudas para a Conciliación da Vida Familiar e Laboral 2025

Axudas para favorecer a conciliación dos autónomos.

□ Modalidades:

3□□ Bono Concilia I: Contratación de substitución por maternidade, paternidade ou lactancia.

1.100 €/mes durante a baixa.

Incentivo de ata 9.000 € por contratación indefinida do substituto.

2□□ Bono Concilia II: Contratación indefinida para coidados familiares.

Ata 9.000 € segundo colectivo.

3□□ Bono Concilia III: Servizos de coidado (menores, maiores, discapacidade).

75% do custo, ata 3.000 €.

□ Axudas vixentes ata o 30 de setembro de 2025.